

## CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE APROBA O CALENDARIO DE RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ PARA O ANO 2025

Advertido un erro no apartado 1. 1º do Anexo de instrucións xerais, cómpre facer a seguinte corrección:

Onde di:

### 1. ACREDITACIÓN DO EXERCICIO DA ACTIVIDADE MARISQUEIRA

Deberase acreditar ter realizado unha actividade suficiente, entendendo por esta a que se realiza de modo efectivo durante un mínimo de:

1º- O 70% dos días da actividade laboral efectiva dentro do plan de xestión. A dita porcentaxe calcularase a partir da información da que dispón a Consellería do mar sobre as vendas realizadas durante o ano natural anterior á solicitude (ano 2022). Esta información será remitida a cada confraría/ entidade para o seu coñecemento.

Debe dicir:

### 2. ACREDITACIÓN DO EXERCICIO DA ACTIVIDADE MARISQUEIRA

Deberase acreditar ter realizado unha actividade suficiente, entendendo por esta a que se realiza de modo efectivo durante un mínimo de:

1º- O 70% dos días da actividade laboral efectiva dentro do plan de xestión. A dita porcentaxe calcularase a partir da información da que dispón a Consellería do mar sobre as vendas realizadas durante o ano natural anterior á solicitude (**ano 2023**). Esta información será remitida a cada confraría/ entidade para o seu coñecemento.

A Xefa Territorial  
Sonia Lorenzo Santos